

CONVENIO ENTRE A CONFEDERACION DE EMPRESARIOS DE FERROLTERRA, EUME Y ORTEGAL E O INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA PARA O DESENVOLVEMENTO DAS COMARCAS DE FERROL, EUME E ORTEGAL

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O Director do Área de Competitividade do Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE)

DECLARA:

Que este Ente ten previsto formalizar coa Confederación de Empresarios de Ferrolterra, Eume e Ortegal (En adiante COFER), o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue *dende o día da súa sinatura ata o 30 de decembro de 2022*, podendo prorrogarse por acordo expreso de ambas partes debendo ser formalizado por escrito.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

A colaboración entre as partes, para a consecución dos obxectivos comúns de COFER e IGAPE, e por ende, contribuír aos piares fundamentais da mellora da produtividade, a competitividade e a internacionalización das pequenas e medianas empresas, así como na promoción industrial e captación de talento no exterior, na elaboración de informes sobre a situación do tecido empresarial/industrial das comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal e actuacións relacionadas cos fondos Next Generation.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte:

O Igape é unha entidade pública, adscrita á Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia, creado pola Lei 5/1992, de 10 de xuño como instrumento básico de actuación da Xunta de Galicia para impulsar o desenvolvemento competitivo do sistema produtivo galego que ten entre as súas funcións, desenvolver unha actividade xeral de promoción dos valores empresariais da súa contorna, encamiñada a incentivar o nacemento e desenvolvemento de novos proxectos empresariais.

Que o IGAPE ten como obxectivo contribuír activamente ao fortalecemento do tecido industrial galego, apoiando todas as actividades que contribúan a mellorar o sistema produtivo baixo a prisma da Axenda de Competitividade Galicia: Industria 4.0, facilitando os procesos de creación, consolidación e crecemento empresarial, para o que promoverá as actuacións coordinadas en colaboración coas entidades representativas do tecido empresarial en territorios onde conflúen sectores estratéxicos e especial necesidade de impulso que contribúa ó reequilibrio territorial.

Que COFER é unha organización profesional de carácter confederativo e intersectorial, constituída para a coordinación, representación, xestión, fomento e defensa dos intereses empresariais, xerais e comúns, que está dotada de personalidade xurídica e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins, entre outros:

- *Fomentar e defender o sistema de iniciativa privada e economía libre de mercado, considerando á empresa privada como núcleo básico de creación de riqueza e prestación de servizos á sociedade e, polo tanto, digna da consideración e respecto que a transcendencia social das súas fins merece.*
- *Propiciar o desenvolvemento económico do país en xeral, e da nosa área de influencia en particular, como medio para acadar unha situación social cada vez máis xusta.*
- *Representar e defender os intereses xerais e comúns das empresas.*

COFER e o IGAPE están interesados en colaborar para a consecución dos obxectivos comúns nas materias ás que se fai mención nos expositivos precedentes, e mediante esta colaboración, poderán exercer en maior medida e cun incremento claro de impactos, a súa actividade en Galicia reactivando o mercado laboral e poñendo en marcha novas iniciativas empresariais.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela.

O Director do Area de Competitividade do IGAPE